

CTO. GALEGO MÁSTER DE FONDO XUNTA DE GALICIA

«XVIII MEMORIAL GERARDO STEUDEL»

Tempada 2025/26. Circular 25-31.

1. Organización, datas e sedes

1. O Campionato Galego Máster de Fondo “Memorial Gerardo Steudel” celebrarase na data e na sede establecida no calendario de natación máster para a presente tempada.
2. A competición desenvolverase en dúas sesións, que darán comezo ás 10:00 horas e ás 17:00 horas.
3. A piscina estará a disposición dos nadadores para efectuar o quecemento polo menos **1 hora e 15 minutos** antes do inicio da competición.

2. Programa de probas

SESIÓN MAÑÁ	SESIÓN TARDE
1. 1.500 Libre masculino	1. 1.500 Libre feminino
2. 800 Libre feminino	2. 800 Libre masculino

3. Participación

A presente normativa está destinada ás seguintes categorías masculina e feminina:

20+. de 20-24 anos (nacidos anos 2006-2002)	65+. de 65-69 anos (nacidos anos 1961-1957)
25+. de 25-29 anos (nacidos anos 2001-1997)	70+. de 70-74 anos (nacidos anos 1956-1952)
30+. de 30-34 anos (nacidos anos 1996-1992)	75+. de 75-79 anos (nacidos anos 1951-1947)
35+. de 35-39 anos (nacidos anos 1991-1987)	80+. de 80-84 anos (nacidos anos 1946-1942)
40+. de 40-44 anos (nacidos anos 1986-1982)	85+. de 85-89 anos (nacidos anos 1941-1937)
45+. de 45-49 anos (nacidos anos 1981-1977)	90+. de 90-94 anos (nacidos anos 1936-1932)
50+. de 50-54 anos (nacidos anos 1976-1972)	95+. de 95-99 anos (nacidos anos 1931-1927)
55+. de 55-59 anos (nacidos anos 1971-1967)	100+. de 100 anos e máis (nacidos 1926 e anteriores)
60+. de 60-64 anos (nacidos anos 1966-1962)	

A idade entenderase cumprida ao 31 de decembro do segundo ano da tempada en vigor.

2. A participación está aberta aos maiores de 20 anos en posesión da licenza federativa galega de Máster

vixente.

3. Cada nadador só poderá participar nunha das probas: 1.500 ou 800 libre.

4. Haberá un máximo de CATRO series con DOUS nadadores/as por pista tanto en 1.500 libre como en 800 libre, que se confeccionarán cos mellores tempos de inscrición. Terase en conta que se garantirá a participación de polo menos dous nadadores por proba e categoría. As prazas libres que puidesen quedar ata completar o número de series/participantes establecido, adxudicaranse aos mellores tempos de inscrición da proba de 400 libre, tendo preferencia as marcas de 1500 e 800 libre.

4. Inscricións

1. Realizaranse a través do FEDERATIO e a acta de preinscrición que o propio programa xera, será remitida á Federación por correo electrónico (inscricions@fegan.org). Xunto co devandito arquivo remitirase, no mesmo correo, o comprobante do pago da inscrición.

2. As inscricións deberán estar en poder da FEGAN como límite, o xoves da semana previa á competición (10-11 días antes da celebración da xornada correspondente), sendo responsabilidade do club que realiza a inscrición asegurarse de que foi recibida pola FEGAN.

3. Os deportistas deberán ser inscritos con marcas acreditadas de 1500 e 800 libre. En caso de non dispoñer de marca nesas probas, poderanse inscribir cunha marca de 400 libre, pero terán preferencia na participación os que teñan marcas acreditadas de 1.500 ou de 800 libre segundo corresponda. Os deportistas deberán ser inscritos con marcas acreditadas dende o 1 de setembro de 2023.

4. Poderanse dar baixas ata o venres previo á competición ata as 12:00 h, sendo cubertas esas baixas cos/as seguintes nadadores/as por orde de marcas de inscrición.

5. Fórmula de competición

1. Disputaranse todas as probas contra reloxo.

2. As series confeccionaranse segundo os tempos de inscrición, sen distinción de categorías.

3. A puntuación será: 13, 10, 8, 7, 6, 5, 4, 3, 2, 1.

4. Só puntuarán os dous primeiros clasificados na proba individual de cada club e categoría. Os clasificados a continuación non serán puntuados, outorgándolle a puntuación ao seguinte da clasificación que non sexa dese mesmo club.

5. Os récords batidos ou igualados, independentemente do posto, terán unha puntuación extra que se indica a continuación:

- a) Record Galego: 2 puntos
- b) Record de España: 4 puntos

Estas puntuacións extra non se acumulan entre si na mesma proba, prevalecendo sempre a de maior puntuación.

6. Clasificacións

1. Faranse as seguintes clasificacións:

- a) Clasificación masculina. Suma de puntos acadados nas probas masculinas.
- b) Clasificación feminina. Suma de puntos acadados nas probas femininas.
- c) Clasificación total. Suma de puntos da clasificación masculina e feminina.

7. Títulos e premios

- 1. Entregaranse medallas aos tres primeiros clasificados en cada proba e categoría masculina e feminina.
- 2. Para a entrega das medallas, situarase unha ou dúas mesas (categoría masculina e feminina) para que, previa identificación, se poidan ir entregando a medida que se vaian confeccionando os resultados sen parar a competición.
- 3. Trofeo Gerardo Steudell aos mellores nadadores clasificados absolutos en categorías masculina e feminina de cada proba de acordo coa puntuación da fórmula de puntos FINA Máster (RFEN).
- 4. Trofeos aos clubs campións en cada unha das clasificacións indicadas na presente normativa.

A Coruña, xullo de 2025.